



Consello Da Cultura Galega

Ciclo de Cinema Galego-Portugués, 3ª edición. **Mulleres, patrimonios, sociedade**

Coordinación / Equipo de traballo

Rebeca Blanco-Rotea (Consello da Cultura Galega, USC), Noemí Basanta (USC), Sara Traba (Directora de cine), José Gabriel Andrade (UMinho), Alexandra Esteves (UMinho), Fernanda Magalhães (UMinho).

Datas

14, 15 e 16 de outubro de 2021

Lugar

Auditório em Arcos de Valdevez

Sinopse

Este **ciclo de cine galego-portugués** ten como obxectivo promover o intercambio cultural entre Galicia e Portugal. Despois dunha primeira edición, celebrada en Braga nos días 3, 10 e 17 de maio de 2018 e centrada fundamentalmente no cine galego e de fronteira (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200708>), a segunda realizouse en Vigo os días 26, 27 e 28 de setembro, e tivo como protagonista a situación das mulleres e a súa relación cunha sociedade normalizadora e, en ocasións, tamén violenta, mais novamente foi protagonista o patrimonio xa que consideramos importante a visibilización da muller en relación con ambas realidades na actualidade, a patrimonial e a social (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200890>).

Tralo parón de 2020 como consecuencia da pandemia, para 2021 propoñemos outra vez un ciclo estruturado en **tres xornadas continuas (xoves, venres e sábado)** nas que se proxecten unha curtametraxe e un filme, seguidos dun debate-coloquio no que se contará coa participación dos directores/as ou alguén responsable dalgunha das tarefas do filme (productor/a, guionista, actor/actriz...), o público e unha figura representativa de algunha das institucións organizadoras para conducir o debate. As institucións implicadas son (i) o **Consello da Cultura Galega**, (ii) a **Universidade do Minho** (UMinho), a través da Vicerreitoría da Cultura e Sociedade e do Centro de Estudos Galegos, (iii) **Câmara Municipal de Arcos de Valdevez** e (iv) a **Comissão Temática de Promoção e Difusão da Língua Portuguesa dos Observadores Consultivos da CPLP**. Tamén se propón para este ano contar coa exposición ONS SOA en paralelo ao ciclo de cinema de xeito que se complemente a proxección do filme ONS unha vez que se acepten as propostas por parte dos directores/as dos filmes.



Consello Da Cultura Galega

Obxectivos da terceira edición

- Difundir o patrimonio lingüístico de Galicia en Portugal.
- Promover o intercambio lingüístico-cultural a través das reflexións que poidan xurdir no debate previsto despois de cada proxección. A actividade procura ser unha transferencia cultural transfronteiriza de ida e volta.
- Difundir o patrimonio cultural galego en Portugal e o portugués en Galicia, así como a súa relación coa sociedade, servíndose das posibilidades que ofrece o soporte audiovisual.
- Visibilizar a realidade portuguesa e galega, ofrecendo unha visión positiva e punteira de produtos culturais que se están xestando no panorama actual. Para tal fin, estase levando a cabo unha selección de proxeccións que na súa totalidade tiveron ou teñan impacto nas sociedades portuguesa e galega, tanto polo recoñecemento público como por obteren diferentes premios nacionais e internacionais.
- Visibilizar e promover a reflexión sobre temáticas sociais de relevancia transversal e, polo tanto, de grande interese no ámbito galego e tamén no portugués. Trátase de tres xornadas que procuran poñer en valor a figura das mulleres e reflexionar sobre a súa interacción co patrimonio e a sociedade. En concreto, neste ano 2021 centrámonos na sororidade, na solidariedade, no papel das mulleres nas crises, e no patrimonio como ferramenta de cohesión social e incluso como ferramenta de apoio emocional e desenvolvemento económico en zonas demograficamente deprimidas.
- Promover a colaboración entre institucións portuguesas e galegas, reservándolle a cada unha delas un papel relevante no ciclo en termos de participación, acollemento, financiamento e conducción dos diferentes eventos ou actividades.



Consello Da Cultura Galega

Programa:

Consta de tres xornadas que focalizan sobre unha liña temática específica –mulleres, patrimonio e sociedade- a través de diferentes tipos de audiovisuais (curtametraxes e longamentraxes). As xornadas propostas 14, 15 e 16 de outubro, nun horario de 20.30 a 23.30.

Xornada 1. Mulleres (14 de outubro): o papel das mulleres nas crises

Nación (2020)

Dirección: Margarita Ledo

Duración: 92 min

Sinopse: A través das enérxicas e carismáticas mulleres da fábrica de cerámica da Pontesa (irmás galegas das *cigarreras* de Cádiz e Sevilla), Margarita Ledo constrúe un relato dunha loita inconclusa

<https://www.youtube.com/watch?v=TjIbdQ7tixU>



Mulheres em quarentena (2020)

Dirección: Bárbara Tavares

Duración: 5 min

Sinopse: dúas mulleres isoladas em casa com os fillos por causa da covid-19, uma delas a viver em Brasília, no Brasil, e a outra em Lisbo.

<http://icatega.ica-ip.pt/filme/ENTRE+SOMBRAS/2177>



Propostas para conducir o debate

Asistencia das directoras. Margarita Ledo, Bárbara Tavares

Conductoras: José Gabriel Andrade, Sara Traba



Consello Da Cultura Galega

Xornada 2. Patrimonios: o patrimonio como ferramenta de cohesión social

Das arquitecturas tradicionais (2020)

Dirección: Carlos Eduardo Viana

Duración: 50 min

Sinopse: O documentário é una viagem pelas arquitecturas tradicionais do Alto Minho. Arquitecturas que encontramos no povoamento de alta montaña e ligadas à transumância, nas aldeias de montaña de povoamento concentrado, nas encostas e vales, pasando pelos solares e pelas arquitecturas religiosas. Trailer do documentário producido pela Associação AO NORTE Cineclub Viana para a CIM Alto Minho no âmbito do projeto ALTO MINHO 4D

<https://www.facebook.com/watch/?v=942955656151984>



Lume na auga (2015)

Dirección: Ana Lois

Duración: 39 min

Sinopse: Un traballo audiovisual sobre os santuarios da Idade do Ferro de Santa Mariña de Augas Santas. Nel recóllense os resultados das investigacións dun grupo de expertos da Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC. Este documental ten unha versión interactiva en santamarinadeaugassantas.com. O documental complementase ademais cunha ducia de pequenos vídeos sobre cada un dos espazos arqueolóxicos da parroquia. Propóñense roteiros para visitar todos estes lugares e, se clicamos en cada unha das paradas do roteiro, veremos o vídeo explicativo que se corresponde con ese espazo.

<https://engalecine6.webnode.es/lume-na-auga/>



Propostas para conducir o debate

Asistencia: Carlos Eduardo Viana, Ana Lois.

Conductoras/es: Rebeca Blanco-Rotea, Fernanda Magalhães.



Consello Da Cultura Galega

Xornada 3. Sociedade: da solidariedade á sororidade


Ons (2020)

Dirección: Alfonso Zarauza

Duración: 87 min

Sinopse: Vicente e Mariña chegan para pasar o verán a Ons: el vén dun accidente e as súas consecuencias psicolóxicas, e a viaxe ha de ser un bálsamo para o seu matrimonio. A estancia prolóngase a petición del, e a medida que os días se van tornando *borrascosos*, segredos gardados empezan a aflorar.

<https://www.filmaffinity.com/es/film425867.html>



Ganas (2020)

Dirección: Maria da Fonseca & Rafaela Gomes

Duración: 16:25 min

Sinopse: Aos que todos os días representan alguém que não são. Aos que andam às voltas sem sair do lugar. Aos que gritam sem que ninguém os oiça. Nós ouvimos. E temos gana de sair de palco. De voar. De gritar alto. Temos gana.

<https://www.youtube.com/watch?v=r2IHO2CsvNw>

Propostas para conducir o debate

Asistencia: Alfonso Zarauza, Paula Ballesteros, Maria da Fonseca, Rafaela Gomes

Conductoras/es: Alexandra Estevez, Noemí Basanta.

